Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa previsible suba da factura da luz para determinados sectores por mor das peaxes establecidas na Circular 3/2020 da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e polo proxecto de cargas do sistema eléctrico que elabora o Goberno central

BOPG nº 119, do 05.04.2021

- 13501 (11/POC-002235) (11/PRE-006214)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia das previsións do Banco de España de desaceleración da recuperación económica e do seu impacto en Galicia

BOPG nº 119, do 05.04.2021

- 13504 (11/POC-002237) (11/PRE-006215)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 4 máis



Sobre a valoración que fai o Goberno galego da demora na construción do Parque Acuático de Monterrei, no concello do Pereiro de Aguiar, así como sobre o prazo e o orzamento previstos para ese fin

BOPG nº 119, do 05.04.2021

- 14205 (11/POC-002343) (11/PRE-006305)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á baixa execución que presentan cada ano as partidas orzamentarias destinadas a favorecer o emprego, así como as súas previsións respecto da elaboración dun plan de emprego para Galicia coa participación de todos os actores implicados

BOPG nº 126, do 21.04.2021

- 14213 (11/POC-002345) (11/PRE-006307)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da baixa execución que presenta cada ano a partida orzamentaria destinada á internacionalización das empresas galegas, a súa opinión referida á suficiencia dos recursos do Igape para ese fin e a estratexia que se está desenvolver ao respecto

BOPG nº 126, do 21.04.2021

- 14308 (11/POC-002363) (11/PRE-006321)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa adaptación do proceso de declaración da renda ao contexto económico e social xerado pola covid-19

BOPG nº 126, do 21.04.2021

- 14321 (11/POC-002367) (11/PRE-006323)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da execución orzamentaria dos créditos destinados á I+D+i nos últimos anos, así como o proceso que se vai desenvolver para a elaboración do novo plan

BOPG nº 126, do 21.04.2021

- 14400 (11/POC-002378) (11/PRE-006333)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do impacto da pandemia da covid-19 en materia tributaria e dos resultados da Axencia Tributaria de Galicia en termos de recadación, xestión e control no ano 2020

BOPG nº 130, do 28.04.2021

- 14456 (11/POC-002382) (11/PRE-006336)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis



Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa situación demográfica de Galicia, en especial a das comarcas de Ourense e do centro e sur de Lugo

BOPG nº 130, do 28.04.2021

- 14507 (11/POC-002391) (11/PRE-006344)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do traslado aos grupos parlamentarios do informe sobre as actuacións de control tributario do ano 2020, así como do informe referido ao peche do exercicio orzamentario e ao informe de actividade da Axencia Tributaria de Galicia correspondente ao exercicio de 2020

BOPG nº 130, do 28.04.2021

- 14520 (11/POC-002394) (11/PRE-006346)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do despoboamento de Galicia, así como da baixa execución no período 2016-2020 das partidas orzamentarias 712A-Fixación de poboación no medio rural, e 712B-Modernización e diversificación do tecido produtivo

BOPG nº 130, do 28.04.2021

- 14543 (11/POC-002398) (11/PRE-006348)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as subvencións convocadas para o ano 2021 e nos últimos cinco anos para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito da colaboración cos concellos

BOPG nº 130, do 28.04.2021

- 14581 (11/POC-002404) (11/PRE-006354)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as medidas que está a levar a cabo e as previstas pola Xunta de Galicia para evitar o impacto para os consumidores galegos do proceso de reestruturación e concentración bancaria que se está a producir en Galicia

BOPG nº 130, do 28.04.2021

- 14582 (11/POC-002405) (11/PRE-006355)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis

Sobre as medidas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir o acceso das persoas en situación de vulnerabilidade ou en risco de exclusión financeira ás contas de pagamento básico

BOPG nº 130, do 28.04.2021

- 14664 (11/POC-002419) (11/PRE-006367)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis



Sobre a xestión do Goberno galego en relación co impacto económico do peche da fronteira entre Galicia e Portugal en xeral, e en particular na zona de Ourense e da fronteira Chaves-Verín  
BOPG nº 130, do 28.04.2021

- 15194 (11/POC-002452) (11/PRE-006395)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre as medidas que vai levar a cabo a Xunta de Galicia respecto das novas estratexias da banca para prestar os seus servizos

BOPG nº 134, do 05.05.2021

- 15276 (11/POC-002456) (11/PRE-006399)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre os recursos económicos achegados pola Xunta de Galicia aos concellos galegos no ano 2020 para facer fronte aos gastos derivados das medidas tomadas para evitar a propagación da covid-19

BOPG nº 134, do 05.05.2021

- 15461 (11/POC-002472) (11/PRE-006413)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para relanzar o Parque Tecnolóxico de Galicia, radicado en Ourense, e as razóns que impulsaron o cesamento do seu xerente

BOPG nº 134, do 05.05.2021

- 15575 (11/POC-002481) (11/PRE-006420)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para asinar o convenio co Goberno para recibir e transferir os fondos previstos para axudas directas a empresas e autónomos en resposta á pandemia da covid-19

BOPG nº 134, do 05.05.2021

- 15687 (11/POC-002496) (11/PRE-006433)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre a valoración, por parte da Xunta de Galicia, dos resultados da enquisa de poboación activa e das actuacións previstas en materia de emprego

BOPG nº 138, do 12.05.2021

- 15698 (11/POC-002498) (11/PRE-006435)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre o papel da anunciada sociedade constituída para o impulso dos proxectos *Next Generation* de interese para Galicia

BOPG nº 138, do 12.05.2021



- 15843 (11/POC-002516) (11/PRE-006453)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia con respecto ás convocatorias de «Manifestación de interese» aos fondos *Next Generation*

BOPG nº 138, do 12.05.2021

- 15885 (11/POC-002522) (11/PRE-006458)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 3 máis

Sobre o peche das oficinas de Abanca en Vilaxoán e Carril, no concello de Vilagarcía de Arousa

BOPG nº 140, do 19.05.2021

- 16038 (11/POC-002536) (11/PRE-006472)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da transformación do sector bancario en Galicia

BOPG nº 140, do 19.05.2021

- 16065 (11/POC-002540) (11/PRE-006476)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das políticas que está poñendo en marcha para afrontar o impacto económico do *Brexit*, singularmente a través do Instituto Galego de Promoción Económica

BOPG nº 140, do 19.05.2021

- 16085 (11/POC-002543) (11/PRE-006479)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego ante o anuncio do expediente de regulación de emprego da empresa Adolfo Domínguez

BOPG nº 140, do 19.05.2021

- 16111 (11/POC-002546) (11/PRE-006482)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia para obter a transferencia inmediata das contías que lle corresponden do imposto sobre o valor engadido de 2017 e o seu investimento no sistema sanitario público

BOPG nº 140, do 19.05.2021

- 16328 (11/POC-002587) (11/PRE-006516)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación cos servizos do sector bancario

BOPG nº 144, do 26.05.2021



- 16343 (11/POC-002589) (11/PRE-006518)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia das conclusións do informe do Consello de Contas respecto da xestión económica da Deputación de Ourense durante o exercicio 2018

BOPG nº 144, do 26.05.2021

- 16484 (11/POC-002610) (11/PRE-006533)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 5 máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia en relación cos criterios da Deputación de Ourense de repartición dos fondos públicos entre os concellos

BOPG nº 147, do 02.06.2021

- 16621 (11/POC-002630) (11/PRE-006551)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre o retorno económico dos beneficios derivados da produción de enerxía eólica en Galicia

BOPG nº 147, do 02.06.2021

- 16899 (11/POC-002668) (11/PRE-006586)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre as subvencións que anualmente se convocan pola Xunta de Galicia para financiar, nos concellos declarados municipios turísticos e xeodestinos, a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de verán

BOPG nº 152, do 09.06.2021

#### **Comisión 4ª, Educación e Cultura**

- 6854 (11/POC-001017) (11/PRE-005216)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre a dotación dun novo instituto en Navia nos plans de investimento educativo e nos orzamentos autonómicos do 2021, de xeito que se inicie no ano 2021, así como da previsión dun convenio de colaboración co Concello de Vigo para a súa construción e posta en servizo

BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 6856 (11/POC-001018) (11/PRE-005217)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa renuncia aos estudos universitarios de estudantes de familias afectadas pola crise sanitaria

BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 6859 (11/POC-001020) (11/PRE-005218)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en relación co alugamento de vivendas do alumnado universitario na situación excepcional das clases non presenciais e semipresenciais provocada pola covid-19

BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 6863 (11/POC-001022) (11/PRE-005220)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis

Sobre a previsión do Goberno galego respecto da emisión de novo do bloque de contidos educativos en horario de mañá na segunda canle da Televisión de Galicia

BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 6867 (11/POC-001025) (11/PRE-005222)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa obra de ampliación do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela, así como respecto da ampliación das especialidades de Gaita e Órgano

BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 6875 (11/POC-001031) (11/PRE-005228)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de poñer en marcha un novo plan específico de accións para reactivar o sector cultural no ano 2021

BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 6876 (11/POC-001032) (11/PRE-005229)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, en concreto en concellos ou en agrupamento de concellos con poboación igual ou superior aos tres mil habitantes

BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 6885 (11/POC-001038) (11/PRE-005233)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as medidas de limitación de cabida de persoas nos espazos culturais e a existencia dun estudo epidemiolóxico para revisar as limitacións de capacidade neses lugares

BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 6892 (11/POC-001041) (11/PRE-005236)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis



Sobre a posta en marcha do procedemento para declarar a casa Cornide, localizada na zona histórica da Coruña, como ben de interese cultural

BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 7007 (11/POC-001047) (11/PRE-005242)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o compromiso adquirido pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade para poñer en funcionamento un conservatorio profesional de música no concello de Begonte

BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 7022 (11/POC-001048) (11/PRE-005243)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o grao de acceso do alumnado ás distintas alternativas que poden resultar necesarias para continuar co seu proceso educativo no caso de suspensión das actividades lectivas presenciais

BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 7023 (11/POC-001049) (11/PRE-005244)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a supresión da Escola de Educación Infantil de Comiáns, no concello da Laracha

BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 7024 (11/POC-001050) (11/PRE-005245)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a aplicación do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, a súa avaliación e resultados, así como as cantidades investidas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e pola Secretaría Xeral de Igualdade

BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 7026 (11/POC-001052) (11/PRE-005247)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as pautas, recomendacións ou directrices respecto da organización dos espazos específicos en que se desenvolven as ensinanzas de formación profesional, de xeito que se convertan en talleres seguros, establecidas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade

BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 7027 (11/POC-001053) (11/PRE-005248)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o número de alumnos e profesores usuarios do programa Educa en Dixital, a dotación de equipos e a valoración que fai o Goberno galego da execución do programa

BOPG nº 74, do 12.01.2021



- 7028 (11/POC-001054) (11/PRE-005249)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a aplicación dos protocolos educativos para previr, detectar e corrixir problemas de acoso escolar e ciberacoso, para garantir a igualdade, a non-discriminación e a liberdade de identidade de xénero, así como para a prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo  
BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 7029 (11/POC-001055) (11/PRE-005250)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a distribución en Galicia da contía do Fondo Covid-19 recibido do Goberno do Estado para gastos educativos  
BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 7040 (11/POC-001059) (11/PRE-005254)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre os motivos polos que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade publicou a Orde do 18 de decembro de 2020, pola que se modifica a Orde do 12 de marzo do 2013, pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación  
BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 7092 (11/POC-001072) (11/PRE-005260)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o plan para acometer a recuperación do parque do Pasatempo de Betanzos  
BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 7160 (11/POC-001089) (11/PRE-005272)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a continuidade do grupo de traballo para a elaboración do plan integral de danza de Galicia  
BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 7161 (11/POC-001090) (11/PRE-005273)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a elaboración dun novo estatuto para a Axencia Galega das Industrias Culturais  
BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 7163 (11/POC-001091) (11/PRE-005274)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a reactivación do funcionamento do Consello Asesor do Libro e a adecuación aos obxectivos marcados na Lei do libro e da lectura

BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 7166 (11/POC-001093) (11/PRE-005276)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a elaboración dun inventario definitivo dos bens patrimoniais inmoables do pazo de Meirás cara á súa catalogación como ben de interese cultural

BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 7172 (11/POC-001095) (11/PRE-005277)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a declaración como ben de interese cultural da ponte de Cruzul, no concello de Becerreá

BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 7241 (11/POC-001126) (11/PRE-005306)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre o sobrecusto que ten o Concello de Vilaboa neste inicio de curso escolar

BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 7378 (11/POC-001182) (11/PRE-005354)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a conservación, o mantemento e a difusión das coleccións de arte BIC e a relación da Xunta de Galicia cos seus propietarios privados

BOPG nº 74, do 12.01.2021

- 7529 (11/POC-001199) (11/PRE-005367)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a necesidade de que a Xunta de Galicia volva ofrecer anualmente a posibilidade de realizar as probas para acreditar o Celga fóra de Galicia

BOPG nº 80, do 21.01.2021

- 7543 (11/POC-001200) (11/PRE-005368)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a convocatoria dos contratos posdoutorais para 2021 e as modificacións previstas, que empeoran as condicións laborais e salariais respecto de anos anteriores

BOPG nº 80, do 21.01.2021

- 7558 (11/POC-001201) (11/PRE-005369)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que está a desenvolver o Goberno galego para poñer en marcha a elaboración do plan director do parque do Pasatempo, de Betanzos, que dea comezo á implicación económica para a súa urxente restauración

BOPG nº 80, do 21.01.2021

- 7609 (11/POC-001212) (11/PRE-005378)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as accións desenvolvidas no Plan de reactivación do sector cultural fronte á crise da covid-19

BOPG nº 80, do 21.01.2021

- 7628 (11/POC-001222) (11/PRE-005387)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a consideración pola Xunta de Galicia da renuncia do Goberno central a aproveitar o traballo desenvolvido na pasada lexislatura para alcanzar un pacto pola educación no conxunto do Estado (procedemento urxente)

BOPG nº 80, do 21.01.2021

- 7638 (11/POC-001225) (11/PRE-005390)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda de información á Xunta de Galicia en relación co estado de conservación da capela de Santa María de Oza (A Coruña) e o seu uso social e cultural por parte da veciñanza

BOPG nº 80, do 21.01.2021

- 7658 (11/POC-001230) (11/PRE-005391)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 6 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego destinadas a impulsar o proxecto do *hub* audiovisual-industria cultural (procedemento urxente)

BOPG nº 80, do 21.01.2021

- 7732 (11/POC-001254) (11/PRE-005410)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Carballo Páez, Ramón e 11 máis

Sobre a fase concreta na que se atopan as obras de construción do novo CEIP Sagrado Corazón, de Lugo, e as previsións da Xunta de Galicia no que respecta a este proxecto

BOPG nº 80, do 21.01.2021

- 7751 (11/POC-001262) (11/PRE-005417)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis



Sobre os avances na elaboración do Plan de dinamización lectora de Galicia por parte da Xunta de Galicia

BOPG nº 80, do 21.01.2021

- 7787 (11/POC-001274) (11/PRE-005426)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a situación na que se atopa a construción do novo CEIP en Arteixo, así como as medidas que vai adoptar a Consellería de Educación ante a saturación do IES Manuel Murguía e o novo inicio do curso escolar en Arteixo coa presenza da covid-19

BOPG nº 80, do 21.01.2021

- 7797 (11/POC-001284) (11/PRE-005436)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a existencia de empresas pendentes de repoñer as ilegalidades das súas propiedades e as medidas levadas a cabo por Patrimonio en materia sancionadora polo expediente aberto contra Casal de Armán, S.L.

BOPG nº 80, do 21.01.2021

- 7832 (11/POC-001305) (11/PRE-005450)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 10 máis

Sobre as previsións da Xunta en relación coa posta en marcha do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional (procedemento de urxencia)

BOPG nº 80, do 21.01.2021

- 7834 (11/POC-001306) (11/PRE-005451)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre o plan de ensino virtual para blindar o ensino no caso de confinamento parcial ou total dunha aula ou dun centro (procedemento de urxencia)

BOPG nº 80, do 21.01.2021

- 7837 (11/POC-001307) (11/PRE-005452)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego do sistema de financiamento do Sistema universitario de Galicia (procedemento de urxencia)

BOPG nº 80, do 21.01.2021

- 7839 (11/POC-001308) (11/PRE-005453)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre as liñas de traballo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para impulsar e consolidar a investigación científica e universitaria en Galicia (procedemento de urxencia)

BOPG nº 80, do 21.01.2021



- 7887 (11/POC-001325) (11/PRE-005468)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre a oficialización do Camiño do Mar como ruta xacobeá e a súa inclusión nas accións de promoción turística e reactivación económica ligadas á celebración do Ano Xacobeo 2021

BOPG nº 80, do 21.01.2021

- 8038 (11/POC-001382) (11/PRE-005518)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis

Sobre os efectos do proxecto de acondicionamento e mellora da conectividade das marxes do río Xares ao seu paso polos núcleos de Xares, Ponte e Baños, na Veiga, en distintos elementos patrimoniais, incluíndo edificios relixiosos, núcleos de interese etnográfico, castros, mámoas e reitorais

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8101 (11/POC-001417) (11/PRE-005546)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre o transporte escolar no concello de Folgoso do Courel.

BOPG nº 80, do 21.01.2021

- 8158 (11/POC-001421) (11/PRE-005550)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a planificación polo Goberno galego dunha proposta académica tendente á ampliación, por unha banda, da oferta formativa nos conservatorios dependentes da Consellería de Educación, Cultura e Universidade de gaita de fol e, pola outra, á creación de estudos musicais de posgrao nas universidades galegas ou nos conservatorios superiores que dean acceso a programas de doutoramento en música

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8177 (11/POC-001424) (11/PRE-005553)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as exixencias que podería formular a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado relativas á situación do corpo de profesorado técnico de formación profesional, garantindo a súa integración no corpo de profesores do ensino secundario, o acceso á función pública docente cos mesmos requisitos dos futuros profesores de ensino secundario e o mantemento das condicións salariais e laborais (procedemento urgente)

BOPG nº 80, do 21.01.2021

- 8296 (11/POC-001464) (11/PRE-005589)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Queixas Zas, Mercedes

Sobre a situación en que se atopa o Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ao respecto

BOPG nº 85, do 29.01.2021



- 8297 (11/POC-001465) (11/PRE-005590)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia referida ao desequilibrio existente entre a promoción da lectura en galego e en castelán na convocatoria de subvencións para as entidades locais publicada o 21 de xullo de 2020

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8298 (11/POC-001466) (11/PRE-005591)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para atender coas garantías sanitarias necesarias o alumnado da escola infantil de Cumiáns, no concello da Laracha, obrigado a desprazarse ao CEIP Otero Pedrayo

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8299 (11/POC-001467) (11/PRE-005592)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para garantir o respecto por parte da rede social LinkedIn da toponimia oficial de Galicia na localización das persoas usuarias, así como os proxectos que está a valorar para garantir a disposición da lingua galega en todos os servizos e plataformas dixitais, informáticas ou das redes sociais

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8304 (11/POC-001469) (11/PRE-005593)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os datos referidos ao orzamento executado no ano 2020, así como á programación cultural prevista para a celebración do Ano Xacobeo 2021

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8305 (11/POC-001470) (11/PRE-005594)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para reducir, para o curso 2020-2021, a oferta de profesorado nos centros de ensino situados no rural, como o Colexio de Educación Infantil e Primaria Emilia Pardo Bazán, de Leiro, no canto de manter ou aumentar o persoal ante a pandemia da covid-19, así como a valoración que fai da adaptación da oferta educativa da comarca do Ribeiro a esta situación

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8306 (11/POC-001471) (11/PRE-005595)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis



Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación en que se encontran as pallozas, en especial as de Piornedo, no concello de Cervantes, as razóns da supresión no ano 2010 da liña de axudas do Instituto Galego da Vivenda e Solo destinada á súa conservación e mantemento, así como as súas previsións respecto da súa recuperación  
BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8307 (11/POC-001472) (11/PRE-005596)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a suspensión por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade do servizo de comedor no Colexio de Educación Infantil e Primaria Laverde Ruíz, de Outeiro de Rei, e as medidas previstas para paliar os prexuízos que vai ocasionar

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8308 (11/POC-001473) (11/PRE-005597)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á atención das demandas das comunidades educativas do Centro de Educación Primaria Antonio Magariños, de Cambados, e do Colexio de Educación Infantil e Primaria Rosalía de Castro, do Grove, referidas ao aumento dunha aula máis para sexto curso e terceiro de primaria respectivamente

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8309 (11/POC-001474) (11/PRE-005598)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de suprimir nas actuais circunstancias sanitarias unha unidade de educación infantil no Colexio de Educación Infantil e Primaria Salgado Torres, da Coruña, así como a súa incidencia no cumprimento das recomendacións ao respecto

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8337 (11/POC-001484) (11/PRE-005607)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as razóns da demora e a data estimada polo Goberno galego para continuar as xuntanzas co sector co fin de elaborar o Plan integral de danza de Galicia, así como as novas actuacións previstas para apoialo

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8372 (11/POC-001502) (11/PRE-005625)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego para a inclusión do galego entre os idiomas que Twitter ofrece como opción na configuración das recomendacións de preferencias de contido

BOPG nº 85, do 29.01.2021



- 8382 (11/POC-001504) (11/PRE-005627)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as razóns do Goberno galego para non asumir a xestión do Conservatorio Profesional de Música de Lalín, a súa opinión referida á incidencia disto para o seu alumnado e o concello, e as súas previsións ao respecto

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8477 (11/POC-001538) (11/PRE-005656)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da concreción na primeira reunión da Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra do plan de investimentos, por importe de 34 millóns de euros, reflectido no Plan Ribeira Sacra. Plan de xestión da paisaxe cultural, a data estimada para esa reunión e os asuntos que se van tratar

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8478 (11/POC-001539) (11/PRE-005657)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre o estado de elaboración do Plan Ribeira Sacra. Plan de xestión da paisaxe cultural, as razóns da demora no seu traslado aos concellos e deputacións afectadas e os datos referidos ao investimento previsto nel para o período 2020-2023

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8493 (11/POC-001542) (11/PRE-005660)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posible incidencia, no risco de contaxio e no cumprimento dos protocolos sanitarios de prevención da covid-19, da actual distribución por aulas do alumnado de educación infantil no CEIP do Xurés, en Lobios

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8494 (11/POC-001543) (11/PRE-005661)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as deficiencias existentes no ámbito educativo no concello de Culleredo

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8495 (11/POC-001544) (11/PRE-005662)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as razóns da demora no inicio das obras no CEIP nº 1 de Melide, así como as razóns de carácter pedagóxico existentes para non desdobrar a unidade de 3º de primaria e de non dotala dun coidador ou coidadora para atender o alumnado con necesidades educativas especiais

BOPG nº 85, do 29.01.2021



- 8496 (11/POC-001545) (11/PRE-005663)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as deficiencias existentes en materia de seguridade sanitaria no CEIP Concepción Arenal, da Coruña, por causa da ausencia de ventilación natural nas aulas de educación infantil, así como sobre a alternativa concreta que valora asumir a Consellería de Cultura, Educación e Universidade ao respecto

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8545 (11/POC-001554) (11/PRE-005671)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da convocatoria das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación e noutras entidades do sistema de I+D+i galego, así como o mantemento das mesmas condicións e contías que nas anteriores convocatorias

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8546 (11/POC-001555) (11/PRE-005672)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os recursos orzamentarios que vai consignar o Goberno galego para o ano 2021 para a conservación do parque do Pasatempo, de Betanzos

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8547 (11/POC-001556) (11/PRE-005673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre a asunción polo Goberno galego do compromiso de contrastar o informe entregado por Repsol en relación cos petróglifos de Nostián, no concello da Coruña, con novos informes baseados na descrición de máis gravados no Monte dos Cazolos, o mecanismo previsto para mellorar a información respecto da súa natureza e alcance e as súas intencións referidas á inclusión do panel arqueolóxico no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8548 (11/POC-001557) (11/PRE-005674)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego e as medidas que ten previstas respecto do desequilibrio existente, no referido á presenza de mulleres, na composición do Comité educativo de persoas expertas para afrontar a emerxencia sanitaria derivada da pandemia

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8549 (11/POC-001558) (11/PRE-005675)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis



Sobre a xestión que está a levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos fondos destinados a paliar os efectos da covid-19 no ensino

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8550 (11/POC-001559) (11/PRE-005676)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co impulso e difusión da campaña *Falar galego é saudábel* nos centros de saúde e hospitais, así como sobre a súa opinión respecto da necesidade dun maior traballo de normalización lingüística no eido da medicina

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8551 (11/POC-001560) (11/PRE-005677)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación do CEIP Arquitecto Casas Novoa, de Santiago de Compostela, como consecuencia dos problemas de comedor que padece, así como sobre as súas previsións respecto da contratación do persoal necesario para garantir a súa prestación

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8552 (11/POC-001561) (11/PRE-005678)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a situación que está a padecer o alumnado do Colexio de Educación Especial Infanta Elena, de Monforte de Lemos, a consecuencia da continuación das obras de rehabilitación do centro unha vez iniciado o curso escolar, e o prazo previsto pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o seu remate

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8555 (11/POC-001562) (11/PRE-005679)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as razóns polas que non consta o preceptivo informe da Dirección Xeral de Patrimonio na licenza municipal da obra de construción dunha nave nunha parcela da parroquia de San Xoán de Furelos, no concello de Melide, afectada polas zonas de protección do Camiño de Santiago e da capela da Santa Cruz de Furelos

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8556 (11/POC-001563) (11/PRE-005680)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 3 máis

Sobre a situación que están a padecer as familias do alumnado que estaba escolarizado na Escola de Educación Infantil de Luaña, no concello de Brión, nomeadamente no que atinxe ás súas patoloxías crónicas, e as medidas previstas polo Goberno galego para a reapertura desa escola, así como para o desenvolvemento e o impulso das escolas infantís situadas no rural

BOPG nº 85, do 29.01.2021



- 8557 (11/POC-001564) (11/PRE-005681)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do impulso do uso do galego no ámbito das tecnoloxías e a facilitación da configuración dos dispositivos electrónicos de xeito predeterminado en lingua galega

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8558 (11/POC-001565) (11/PRE-005682)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para promover a construción dun novo instituto no barrio vigués de Navia, o prazo previsto para a súa posta en marcha e os recursos orzamentarios que vai destinar para ese fin, así como os contactos mantidos co Concello para a cesión dos terreos necesarios

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8559 (11/POC-001566) (11/PRE-005683)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas que vai impulsar o Goberno galego a curto prazo para a declaración da Casa Cornide, da cidade da Coruña, como ben de interese cultural e a súa inclusión no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8566 (11/POC-001567) (11/PRE-005684)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da decisión do Concello de Ourense de pechar ou trasladar o museo municipal á sala Valente e cancelar a programación do auditorio municipal, así como as iniciativas previstas para mitigar a situación xerada

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8572 (11/POC-001568) (11/PRE-005685)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da oferta educativa das ensinanzas de danza na rede de conservatorios de Galicia

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8573 (11/POC-001569) (11/PRE-005686)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación en que se atopan os sectores culturais, as súas intencións referidas á aprobación da declaración da cultura como ben de primeira necesi-



dade, así como sobre os compromisos que asume en relación cos dereitos culturais da cidadanía e a solicitude ao Goberno central da rebaixa ao 4% do IVE cultural  
BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8575 (11/POC-001570) (11/PRE-005687)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a valoración e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa situación xerada no CEIP Luís Seoane, de Oleiros, tras o esquecemento dun neno durante varias horas nun autobús de transporte escolar

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8576 (11/POC-001571) (11/PRE-005688)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre os datos referidos á evolución da pandemia da covid-19 no ámbito da universidade e nas cidades que a albergan

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8577 (11/POC-001572) (11/PRE-005689)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do déficit existente na oferta de prazas no mestrado universitario en Profesorado na Universidade de Vigo, así como sobre a consideración da posibilidade de aumentar o seu número co fin de garantir ao alumnado a posibilidade de formarse como docente no Sistema universitario público de Galicia

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8579 (11/POC-001573) (11/PRE-005690)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego das deficiencias detectadas polas familias do alumnado do CEIP Isidro Parga Pondal, de Oleiros, en materia de atención á diversidade e cumprimento do protocolo de adaptación á situación xerada pola covid-19, así como sobre as actuacións que vai levar a cabo ao respecto

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8586 (11/POC-001574) (11/PRE-005691)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á adaptación das instalacións do Conservatorio de Música Manuel Quiroga, de Pontevedra, ás necesidades educativas dun centro deste tipo e as súas previsións respecto da execución das obras precisas para garantir a correcta ventilación e a seguridade para a saúde no centro

BOPG nº 85, do 29.01.2021



- 8588 (11/POC-001575) (11/PRE-005692)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para resolver os problemas que están a ter as familias con membros con enfermidades graves nos casos de escolarización obrigatoria dos seus fillos e ante o impacto dun posible contaxio por covid-19, así como sobre a apertura de expedientes de absentismo escolar

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8589 (11/POC-001576) (11/PRE-005693)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os obxectivos e as medidas concretas da Estratexia da cultura galega 2021 desenvolvidas na actualidade, a avaliación realizada ao respecto para a súa continuidade nos vindeiros anos e as previsións do Goberno galego referidas á súa revisión e adaptación ao contexto sanitario actual

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8592 (11/POC-001578) (11/PRE-005695)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as razóns da demora e as previsións do Goberno galego referidas á aprobación do Plan de fomento da lectura previsto na Lei 17/2006, do libro e da lectura de Galicia, as actuacións que vai levar a cabo para ese fin a curto e medio prazo, así como sobre o papel que está a desenvolver neste proceso o Consello Asesor do Libro

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8594 (11/POC-001580) (11/PRE-005696)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do desenvolvemento do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2016-2020 desde o punto de vista do avance normalizador, así como da consecución dos seus tres principais obxectivos, e os seus proxectos para o futuro

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8595 (11/POC-001581) (11/PRE-005697)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da xestión que está a levar a cabo en relación co ensino a distancia e as medidas previstas para solucionar os problemas e as disfuncións que está a xerar na comunidade educativa o Plan de ensino virtual da Xunta de Galicia

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8596 (11/POC-001582) (11/PRE-005698)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis



Sobre a avaliación que fai o Goberno galego da aplicación do Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario, a dispoñibilidade das avaliacións anuais dos seus resultados e as súas razóns para non publicalas  
BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8597 (11/POC-001583) (11/PRE-005699)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 3 máis

Sobre a xestión levada a cabo polo Goberno galego en relación cos casos de abuso de poder e acoso sexual denunciados polas alumnas da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia e as actuacións previstas ao respecto

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8598 (11/POC-001584) (11/PRE-005700)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para o apoio directo á creación cultural

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8599 (11/POC-001585) (11/PRE-005701)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da continua perda de galegofalantes entre a sociedade galega e as súas previsións respecto do impulso dunha nova normativa educativa co fin de garantir unha axeitada adquisición da competencia lingüística en galego desde o ensino obrigatorio

BOPG nº 85, do 29.01.2021

- 8600 (11/POC-001586) (11/PRE-005702)

